

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-001445 (17408)**, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de **educación social**.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia :

1. Manifesta o seu apoio á Educación Social como profesión, que cubre as necesidades e demandas da cidadanía, xeradora de cambios sociais a través de educación.
2. Insta á Xunta de Galicia a que, en colaboración coas deputacións provinciais e a FEGAMP, fomente a incorporación nas súas políticas dun maior protagonismo da Educación Social, desde o convencemento de que se trata dunha peza clave para promover a transformación social.
3. Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad para que analice a necesidade de regularizar a profesión de Educación Social”.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/11/2017 17:43:55

Marta Rodriguez Arias na data 08/11/2017 17:44:05